



RESOLUCIÓN da Axencia Galega de Innovación do 7 de febreiro de 2025 pola que se dispón a emisión da certificación que recolle o resultado da avaliación do rendemento do persoal investigador contratado por entidades alleas ás universidades do Sistema Universitario de Galicia correspondente á convocatoria de axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral, modalidade A, para o ano 2019.

1. A Orde do 28 de maio de 2019 (DOG núm. 111 do 13.06.2019) estableceu as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i. O anexo I da citada orde regula a modalidade A das ditas axudas. O artigo 6.2. do citado anexo I dispón que ao finalizar o contrato as persoas contratadas serán sometidas a unha avaliación da actividade investigadora desenvolvida.

2. O Decreto 42/2024, do 14 abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no seu artigo 1, establece que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades pasa a denominarse Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. O Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no seu artigo 3, adscribe a Axencia Galega de Innovación á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

2. Co fin de harmonizar o exercicio das competencias que en materia de I+D+i teñen atribuídas a Secretaría Xeral de Universidades e a Axencia Galega de Innovación, da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e na procura de sinerxías, considérase de interese a realización de convocatorias conxuntas que axuden a consolidar un sistema de I+D+i suficientemente sólido como para garantir o desenvolvemento social e a competitividade económica.

3. De acordo Decreto 50/2012, de 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos, correspóndelle a esta definir e desenvolver políticas públicas dirixidas á captación e xestión do talento que permitan, no seu conxunto, incrementar o rendemento innovador das empresas e do Sistema Galego de Innovación.

4. A Instrución 1/2023, do 13 de marzo, conxunta da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Innovación, establece as directrices para iniciar o procedemento de avaliación do rendemento das persoas investigadoras contratadas no Programa de apoio á etapa de formación posdoutoral, modalidade A, da convocatoria de 2019. A avaliación foi realizada por persoas expertas externas ao SUG, coa colaboración da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

Unha vez finalizado o proceso, e de acordo co informe das persoas expertas, a Axencia Galega de Innovación,

RESOLVE:

1. Comunicar o resultado da avaliación do rendemento do persoal investigador e emitir a certificación para a seguinte persoa investigadora que obtivo unha avaliación positiva:





Persoas investigadoras do programa de apoio á etapa de formación posdoutoral, modalidade A, para o ano 2019						
Núm. expediente	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	NIF	Resultado avaliación
IN606B-2019/005	Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit) do CSIC	Rodríguez	Antón	Andrea	***7870**	Positiva

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia da Axencia Galega de Innovación no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de acordo co establecido polos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen conveniente.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora da Axencia Galega de Innovación
Carmen Cotelo Queijo

